

7 Completa as seguintes palabras coa letra que falta:

- in.....erno
- ad.....ersario
- en.....iar
- in.....itar
- in.....encible
- in.....estigar
- en.....olto
- in.....asión
- en.....exa
- ad.....erbio
- a.....ogado
- en.....asar

8 Le o seguinte texto, sinala sete tecnicismos e escribe o seu significado:


Propiedades nutricionais do iogur

O valor nutricional do iogur ten moitos puntos en común co leite, a excepción da lactosa, que no iogur se atopa en concentracións mínimas debido á súa transformación en ácido láctico.

Trátase dun alimento fonte de proteínas de alto valor biolóxico, de calcio e de vitamina B2 ou riboflavina.

O seu valor enerxético varía de xeito notable segundo a cantidade de graxa do produto e mais segundo os ingredientes engadidos durante a elaboración.

Mentres un iogur desnatado apenas chega ás 50 calorías e aos 0,4 g de graxa, o iogur cremoso, ten 4 veces máis calorías e 12 veces máis graxa ca un desnatado.



<http://revista.consumer.es/web/ga/20120101alimentacion/76261.php>
(adaptación). Xaneiro 2012.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

